

# VIAGALICIA



## BASES PROGRAMA 6ª EDICIÓN

versión2019\_Galego – 15/02/2019



promoveven:



Colaboran:



## INTRODUCCIÓN

**VIAGALICIA** é un programa promovido pola Zona Franca de Vigo (en diante CZFV) e a Xunta de Galicia, cuxo obxectivo é a aceleración de **proxectos innovadores e invertibles**, aos que se axuda na validación das súas propostas, a posta en marcha, financiamento e consolidación.

Esta Aceleradora converteuse no espazo de referencia do emprendemento en Galicia xa que permite identificar e canalizar todos os recursos e ferramentas do ecosistema, tanto a nivel público como privado, co obxectivo de poñelos a disposición dos emprendedores e os seus proxectos.

ViaGalicia, como aceleradora pública, non só busca proxectos invertibles/rendibles (con alta rendibilidade) que garantan o retorno dos investimentos, senón que busca obxectivos como: a creación de novas empresas que diversifiquen o tecido empresarial en Galicia, modernizar e dinamizar os sectores estratéxicos da área, favorecer e promover a transferencia de coñecemento, crear emprego cualificado, atraer e reter o talento, e, en definitiva, identificar ideas de negocio con posibilidades de éxito.

Nesta 6ª Edición habilitaranse dúas **sedes en Vigo e en Lugo** ata a fase de aceleración, que se celebrará de forma conxunta nas instalacións do Centro de Negocios de Porto do Molle en Nigrán. En calquera caso, o Comité Técnico do Programa reservase a posibilidade de reorganizar estas fases en función do número de candidaturas presentadas en cada sede.

Trátase dun Programa de Alto Rendemento de ata 18 meses de duración que combina, baixo a supervisión dun equipo de expertos: formación, titorización, asesoramento especializado mentoring, espazo de traballo e financiamento, co fin de poder validar a túa proposta, arrincar e acelerar o teu proxecto.

Ao longo deste Programa, avalíanse os progresos das propostas e os equipos participantes coa finalidade de que os mellores proxectos sexan presentados a investidores e socios industriais. Trátase de elixir ben as ideas, pero sobre todo impórtannos os equipos e o seu compromiso, apostando pola colaboración multidisciplinar entre persoas e tamén entre proxectos.

Desexamos facer da nosa contorna un espazo propicio ao emprendemento, no que todos os axentes relacionados nos coordinémos para que o clima sexa favorable ao desenvolvemento de novos proxectos que contribúan á dinamización do noso tecido empresarial.

## 1 | Información Xeral

### ■ Bases do Programa

As seguintes Bases teñen como obxecto establecer as normas de participación na 6ª Edición do Programa que convocan o CZFV e a Xunta de Galicia.

O obxectivo do Programa é acompañar a un grupo de emprendedores na validación das súas propostas, a posta en marcha, financiamento e consolidación de proxectos innovadores, acelerables e invertibles.

A participación no Programa rexerase polos termos e condicións que se especifican a continuación e que inclúen os criterios de elixibilidade para participar, os criterios de selección para designar aos participantes nas súas distintas fases, o contido das propostas e outras condicións.

As datas contempladas nestas Bases son orientativas e susceptibles de modificacións. Os prazos e datas definitivos serán publicados na web do Programa [www.viagalicia.gal](http://www.viagalicia.gal).

### ■ Criterios de elixibilidade

O Programa estará aberto a todo tipo de iniciativas emprendedoras de carácter innovador, xa sexa en produto ou servizo, en procesos e/ou no modelo de negocio. ViaGalicia acolle todo tipo de propostas, non importa o sector, tampouco se o teu proxecto é produtivo ou dixital, nin a tecnoloxía de aplicación; sempre que a túa proposta sexa innovadora, escalable e invertible.

Os requisitos mínimos de acceso ao Programa serán os seguintes:

- O equipo promotor da iniciativa emprendedora deberá estar formado por, polo menos, dúas (2) persoas (perfectamente identificadas e comprometidas en todas as Fases do Programa).
- Todos os membros do equipo promotor deberán ser maiores de idade.
- Cada participante poderá participar en cantas candidaturas estime oportuno, coa limitación de que só optará á elixibilidade dunha única candidatura.
- A iniciativa emprendedora poderá estar constituída formalmente cunha antigüidade máxima de corenta e dous (42) meses contados desde o día de inicio do prazo de presentación de candidaturas.

Neste sentido, o Comité Técnico podería aceptar candidaturas que superasen este prazo máximo no caso de que non iniciasen actividade (o cal deberán acreditar) ou de que a súa cifra de ingresos non sexa suficientemente significativa, por atoparse, a modo de exemplo, en fase de investigación, desenvolvemento, validación ou certificación. En relación a este

aspecto, o Comité Técnico reservase a posibilidade de non aceptar aquelas candidaturas nas que se observe un suposto de sucesión de empresa e/ou de transformación da forma xurídica. Para ese efecto, solicitarase a documentación necesaria para a súa acreditación.

- Os promotores deberán ser os autores intelectuais das ideas que presentan ou, na súa falta, dispoñer dos permisos correspondentes de uso de propiedade intelectual e/ou industrial de terceiros.

Os compromisos aos que se adhiren os emprendedores, de forma xeral, serán os seguintes:

- Aceptar e cumprir as Bases do Programa.
- Colaborar coas accións e actividades de promoción e difusión do Programa.
- Garantir que a información facilitada é fidedigna.
- Cumprir cos prazos marcados desde a organización para a entrega da información requirida.
- Facer entrega de toda a información adicional que se lles poida requirir ao longo da vixencia do Programa e durante o período de acompañamento posterior ao mesmo.
- Garantir que o equipo promotor da iniciativa estea formado por, polo menos, dúas (2) persoas, e que todos eles son maiores de idade.
- Asistir e participar de forma activa un mínimo de dous (2) membros rexistrados do equipo en todas as accións do Programa. Unha participación inferior ao 80% nas actividades programadas da Aceleradora (de polo menos dous membros do equipo) será considerada como incumprimento de participación.
- Notificar aqueles cambios significativos relacionados coa composición do equipo promotor, a entrada de novos socios no capital social, denominación, marcas e logos, así como calquera outra información substancial do proxecto, durante a vixencia do Programa incluída a fase de seguimento posterior ao mesmo (e en tanto sigan vixentes os contratos asociados ao financiamento recibido).
- Manter actualizada a información do proxecto e dos membros do equipo que figure na plataforma, durante a vixencia do Programa incluída a fase de seguimento posterior ao mesmo.
- Dar a súa conformidade coa normativa en materia de protección de datos, outorgar o seu consentimento en relación ao tratamento dos datos incluídos en cada unha das propostas, así como en relación ás imaxes que se poidan gravar durante os actos ou eventos xestionados no transcurso do Programa, todo iso de conformidade coas especificacións recollidas na cláusula desenvolta máis adiante e denominada “Protección de Datos Persoais”.

E, no suposto de ser elixidos para a fase de aceleración, asumir as seguintes obrigacións:

- Constituír a sociedade, baixo a forma xurídica de Sociedade de Responsabilidade Limitada ou Sociedade Anónima con anterioridade nos prazos esixidos.
- Establecer ou trasladar o domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia nos prazos esixidos.
- Facer unha achega de capital conxunta para a constitución da sociedade, no caso de que esta se constituía formalmente, por un importe mínimo de tres mil euros (3.000,00 €).
- Ter unha dedicación a tempo completo 100% de, como mínimo, dous (2) dos membros do equipo promotor.
- Ter unha presenza continuada e de forma habitual de, como mínimo, dous (2) dos membros do equipo promotor, no Coworking do Centro de Negocios de Porto do Mollle en Nigrán, constituíndose este como o centro da súa actividade empresarial durante este período. O Comité Técnico poderá autorizar a realización de parte da titorización dos proxectos nas propias instalacións da empresa, no caso de proxectos cuxas instalacións e infraestruturas (tanto de carácter produtivo, explotación ou outro tipo) sexan necesarias para o desenvolvemento da súa actividade. Con isto preténdese incentivar a incorporación de proxectos de emprendemento cun marcado carácter industrial e produtivo.
- Asistir ás sesións de titoría planificadas no Centro de Negocios de Porto do Molle, sendo imprescindible que ás mesmas acuda, como mínimo, un (1) dos promotores principais do proxecto.
- Asistir ás actividades que se planifiquen no Centro de Negocios de Porto do Mole, sendo imprescindible que ás mesmas acudan, como mínimo, dous (2) dos membros rexistrados do equipo.
- Garantir o dereito de explotación da tecnoloxía na cal se apoia o proxecto. Se a propiedade intelectual pertence a un terceiro, o equipo promotor deberá presentar documentación do titular na que se acredite a cesión do dereito de explotación da devandita tecnoloxía e as condicións de uso.
- Garantir que se fan responsables por calquera reclamación sobre propiedade intelectual ou utilización de información de dominio privado, mantendo indemne ás Entidades Promotoras ante calquera posible reclamación.
- Garantir a existencia duns Pactos Parasociais.
- Facer publicidade do financiamento e apoio obtido pola Aceleradora ViaGalicia en accións de comunicación, actividades de difusión relacionadas co proxecto así como na súa páxina web (para ese efecto, entregárase o logotipo nos formatos necesarios para os distintos soportes). Dita información deberá permanecer polo menos durante a totalidade do programa e mentres permanezan vixentes os contratos asociados ao financiamento recibido.

- Transparencia dos proxectos á hora de informar sobre a súa evolución e resultados.

- **Incompatibilidades**

Non poderán presentar proxectos:

- Persoal vinculado a aquelas entidades con representación no Comité Técnico do Programa: o CZFV, a Axencia Galega de Innovación (en diante GAIN, Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de tipo pechado, S.A.U. (en diante XEGALICIA) e Vigo Activo Sociedade de Capital Risco, S.A. (en diante VIGO ACTIVO).
- Persoal vinculado ás Entidades Colaboradoras no deseño e/ou a execución do Programa nesta Edición.

- **Revelación de información**

Os participantes consenten, como norma xeral, a utilización dos datos básicos do proxecto durante os procesos de avaliación contemplados nestas Bases.

Así mesmo, a aceptación destas Bases autoriza ás entidades promotoras á utilización do logotipo, nome do proxecto ou de calquera outro tipo de soporte audiovisual desenvolvido ou gravado no transcurso do Programa, en todas aquelas actividades de difusión e comunicación que consideren oportunas, con independencia do medio ou formato utilizado.

- **Comunicacións**

Todas as notificacións relativas ao desenvolvemento do Programa, incluída a relación de proxectos seleccionados en cada unha das fases, publicaranse na web [www.viagalicia.gal](http://www.viagalicia.gal). Calquera outra notificación de tipo individual será comunicada a través do correo electrónico ou número de teléfono co que se efectuou o rexistro na web, ou naquel que con posterioridade sexa facilitado polo promotor principal do proxecto para a devandita finalidade.

- **Protección de datos persoais**

De conformidade coa normativa en materia de protección de datos, infórmase que os datos facilitados polos participantes a través da presentación dos seus proxectos serán tratados polos promotores identificados a continuación, en calidade de corresponsables da información: Consorcio Zona Franca de Vigo con NIF V-36611580, Vigo Activo Sociedade de Capital Risco, S.A. con CIF A-36759231, Instituto Galego de Promoción Económica con CIF Q-6550010 J, Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de

Investimento de tipo pechado, S.A.U con CIF A-15674203 e Axencia Galega de Innovación con CIF Q-1500386 F.

Neste sentido, a través do presente documento, os promotores informan, que os datos que os participantes faciliten a través dos seus Proxectos, serán tratados coa finalidade de avaliar e valorar os proxectos presentados, de xestionar a participación no Programa e de difundilo e facer promoción pública do mesmo. Por outra banda, co fin de alcanzar o obxectivo de promover e divulgar o Programa, prevese a realización e toma de imaxes durante os diferentes actos que se desenvolverán durante a vixencia do Programa, de forma que se procederá á publicación das mesmas, así como dos datos relativos aos diferentes Proxectos presentados. Dita publicación levarase a cabo a través dos diferentes medios de comunicación titularidade dos promotores do Programa, isto é, sitios web, redes sociais e/ou revistas en papel ou dixitais.

Os promotores non recollerán, utilizarán ou revelarán información persoal para outros propósitos que non sexan os descritos anteriormente, a non ser que os participantes dean o seu consentimento ou haxa algunha obrigaón legal.

No caso de que, a través da participación no Programa, se faciliten datos de carácter persoal relativos a terceiros diferentes do que presenta o proxecto, o participante comprométese a, previo á comunicación dos datos, informar os titulares dos datos dos extremos incluídos na presente cláusula, absténdose de incluílos en caso de non obter o seu consentimento respecto diso.

Non se prevén cesións ou comunicacións de datos salvo aquelas que se requiran para a tramitación da participación no Programa, como poida ser a entidades aseguradoras, entidades financeiras ou bancarias ou administracións públicas. Así mesmo, convén incidir no carácter público que se lles dará ás participacións co fin de divulgar ou promover o Programa.

Os datos tratados conservaranse durante a vixencia da relación contractual, independentemente dos prazos de prescrición establecidos legalmente e mentres duren os prazos de prescrición para o exercicio das accións correspondentes. Por outra banda, infórmase que os participantes poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei, dirixíndose, por calquera medio que permita acreditar o envío e a recepción, respectivamente, ao Consorcio da Zona Franca de Vigo dirixíndose á seguinte dirección: [lop@zonafrancavigo.es](mailto:lop@zonafrancavigo.es); ao Instituto Galego de Promoción Económica, Complexo Administrativo en San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela, A Coruña; a Xesgalicia Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de tipo pechado S.A.U., en San Lázaro s/n (Edificio IGAPE), 15703 Santiago de Compostela; e, á Axencia Galega de Innovación, en Rúa Airas Nunes s/n, Conxo, 15702 Santiago de Compostela, acompañando fotocopia do documento que lle identifique persoalmente.

En proba de conformidade, a mera presentación ou participación no Programa, supón a aceptación dos

termos recollidos no presente documento e especialmente na presente cláusula de protección de datos.

- **Aceptación das Bases**

A participación na Convocatoria supón a aceptación destas Bases, sen excepcións nin condicionantes, así como de calquera resolución que se puidese producir.

En caso de constatarse durante o desenvolvemento do Programa que algún membro de calquera dos equipos participantes non cumprise os compromisos asinados na Declaración Xurada, o Comité Técnico resérvase o dereito para esixir o cumprimento dos mesmos, e de non ser así, procederase á exclusión do proxecto.

Neste sentido, os proxectos estarán sometidos a unha avaliación continua ao longo de todas as fases do Programa, polo que todos aqueles que non cumpran cos requisitos, obrigacións e fitos establecidos poderán ser excluídos do mesmo e, en consecuencia, perder os beneficios que deste se deriven previo informe motivado do Comité Técnico do Programa.

Así mesmo, a organización do Programa resérvase o dereito de cancelar, modificar ou suspender calquera aspecto ou criterio do proceso de convocatoria ou selección.

- **Reclamacións**

Para a interpretación e cumprimento destas Bases, o Comité Técnico e os participantes no Programa someteranse á aplicación das leis españolas.

Toda controversia derivada da interpretación ou execución do presente documento, será resolta directamente polas partes, para cuxo efecto estas comprométense a realizar, de boa fe, os seus maiores esforzos para a solución consensuada das súas controversias, atendendo á común intención expresada no mesmo, nun prazo máximo de quince (15) días hábiles contados a partir da data en que calquera das partes dea aviso por escrito á outra respecto de calquera reclamación, sen que a falta de resposta por parte de dita outra parte suspenda o prazo antes sinalado.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultante deste documento ou da súa interpretación que non puidese ser resolta de acordo co establecido no apartado precedente, así como o relativo ao incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase mediante arbitraje. A arbitraje levarase a cabo na cidade de Vigo. O laudo arbitral será definitivo e inapelable, renunciando a calquera recurso dispoñible contra o mesmo.




### 2 | Fases do Programa

#### ■ Fases do Programa

O Programa estruturase en 6 FASES:

1. Convocatoria
2. Startup Day | Sedes de Vigo e Lugo
3. Academia (Pre-Aceleración) | Sedes de Vigo e Lugo
4. Demo Day | Sedes de Vigo e Lugo
5. Aceleradora | Sede de Vigo
6. Investors Day | Sede de Vigo



Tal e como se recolle na Introducción, nesta 6ª Edición habilitaranse sedes en Vigo [1] e en Lugo [2] ata a fase de aceleración, que se celebrará de forma conxunta nas instalacións do Centro de Negocios de Porto do Molle en Nigrán. En calquera caso, o Comité Técnico do Programa reservase a posibilidade de reorganizar estas fases en función do número de candidaturas presentadas para cada sede.

O Comité Técnico poderá autorizar a realización de parte da titorización dos proxectos nas propias instalacións da empresa no caso de proxectos cuxas instalacións e infraestruturas sexan necesarias para o desenvolvemento da súa actividade. Con isto preténdese incentivar a incorporación de proxectos de emprendemento cun marcado carácter industrial e produtivo.

[\*1] Sede Vigo: Centro de Negocios de Porto do Molle, Rúa das Pontes 4, Nigrán (Pontevedra)

[\*2] Sede Lugo: na cidade de Lugo (nun espazo a determinar pola organización do Programa)

#### ■ Criterios xerais de avaliación

O obxectivo do Programa é acompañar a un grupo de emprendedores na validación das súas propostas, a posta en marcha, financiamento e consolidación de proxectos innovadores, acelerables e invertibles.

Neste sentido, todos os proxectos han de cumprir catro (4) criterios fundamentais, que se irán evidenciando e avaliando ao longo das diferentes fases do programa:

1. **Grao de Innovación**, entendido como a base científica, tecnolóxica ou de coñecemento na que se apoia, así como aqueles elementos diferenciadores que incorpora a proposta de valor.
2. **Grao de Invertibilidade (e escalabilidade) do proxecto**, entendido como a identificación dun nicho de mercado e a definición dun modelo de negocio que permita ao proxecto escalar a súa proposta de valor e ofrecer un retorno do investimento suficiente ao potencial investidor.
3. **Grao de Acelerabilidade**, entendido como o grao de desenvolvemento actual do proxecto, así como a capacidade para executar o devandito proxecto e desenvolver, nun prazo inferior a seis (6) meses, un produto mínimo viable (MVP), considerado como a versión dun produto/servizo que permite a un equipo captar e validar con clientes o máximo volume de coñecemento co menor número de recursos posible.
4. **Grao de Relevancia**, entendido como a inclusión do proxecto nun sector de actividade estratéxico para o desenvolvemento de Galicia que lle permita constituírse como unha iniciativa viable que contribúa á dinamización do tecido empresarial.

Estes catro (4) criterios fundamentais teranse en conta en todas aquelas fases nas que o Comité Técnico proceda a valorar os diferentes proxectos, adaptando a descrición dos devanditos criterios e a puntuación ou valoración outorgada, aos requirimentos específicos e ao grao de desenvolvemento esixido para cada unha destas fases.

*Publicarase a listaxe dos proxectos que acceden á seguinte fase por orde alfabética. A información dos proxectos manéxase de forma confidencial para non prexudicar os intereses dos equipos que depositan información (nalgúns casos sensible) dos seus proxectos.*

- **Calendario estimado**

O calendario <sup>[1\*]</sup> estimado no que se vai a desenvolver a 6ª Edición do Programa é o seguinte:

FASES	DATAS
<b>1. CONVOCATORIA</b>	
▪ INSCRIPCIÓN ONLINE do Proxectos na Web	Do 15 de Febreiro ao 1 de Abril de 2019
▪ ENTREVISTAS aos Proxectos Pre-Seleccionados	Maio de 2019
▪ PUBLICACIÓN das 40 Candidaturas seleccionadas como máximo por Sede	Xuño de 2019
<b>2. STARTUP DAY</b>	
▪ DINÁMICAS	Xuño de 2019
▪ PUBLICACIÓN das 20 Candidaturas seleccionadas como máximo por Sede	Xullo de 2019
<b>3. ACADEMIA / PRE-ACELERACIÓN</b>	
▪ SESIÓNS, TITORÍAS e Práctica PITCH [Sedes VIGO e LUGO]	Setembro e Outubro de 2019
<b>4. DEMO DAY</b>	
▪ PITCH ante o Comité Técnico i Entidades Colaboradoras	Novembro de 2019

▪ PUBLICACIÓN dos 15 Proxectos seleccionados	Novembro de 2019
<b>5. ACELERADORA</b>	
▪ Constitución da SOCIEDADE ▪ Acreditación do cumprimento das BASES ▪ Presentación da DOCUMENTACIÓN requirida	Ata o 15 de xaneiro de 2020
▪ INVERSIÓN, TUTORIZACION y MENTORING	Aceleración: DESDE DICIEMBRE DE 2019 HASTA JUNIO DE 2020
<b>6. INVESTORS DAY</b>	
▪ PITCH ante Inversores Institucionais i Externos	XUÑO / XULLO 2020

[1\*] As datas indicadas son orientativas e susceptibles de modificacións (suxeitas a axustes ou cambios por parte do Comité Técnico e a Organización do Programa). Os prazos e datas definitivos serán publicados na web do Programa [www.viagalicia.gal](http://www.viagalicia.gal)

## 1. CONVOCATORIA

### A. Inscripción

#### ■ Presentación da candidatura

Os proxectos deberán presentarse a través da páxina web [www.viagalicia.gal](http://www.viagalicia.gal), desde o apartado “INSCRÍBETE”, previa identificación do usuario. O formulario de inscrición estará habilitado desde o 15 de febreiro ata o 1 de abril de 2019 ás 12:00 horas.

Unha vez efectuado o rexistro, un representante do proxecto poderá acceder ao formulario que estará dispoñible durante a totalidade do prazo de inscrición. Finalizado este prazo, non se poderán modificar os datos e información introducidos no formulario.

A información solicitada (ver sección “Contido da Candidatura”) só poderá presentarse a través da web do Programa [www.viagalicia.gal](http://www.viagalicia.gal).

En caso de dúbidas sobre o proceso, os candidatos poderán poñerse en contacto co CZFV:

- Teléfono [+34] 986126126 (REFERENCIA: ViaGalicia)
- Email: [viagalicia@zonafrancavigo.com](mailto:viagalicia@zonafrancavigo.com)

A proposta para presentar polo equipo emprendedor conterá as informacións detalladas na sección “Contido da Candidatura”.

#### ■ Contenido da candidatura

A candidatura conterá os seguintes datos de contacto que, salvo notificación de cambio por parte do promotor principal/representante do proxecto, serán os que se utilicen nas posteriores comunicacións co mesmo:

- Sede para a que se presenta candidatura <sup>1</sup>: VIGO o LUGO

DATOS DE CONTACTO:

- Nome e apelidos do promotor
- Teléfono de Contacto
- Email de Contacto

1 Sede na que se prefire desenvolver a Fase de Academia (no caso de ser seleccionado): VIGO ou LUGO

## DATOS DO PROXECTO:

- URL da web do proxecto
- Perfís de Redes sociais do proxecto : LinkedIn, Facebook
- De estar constituída a iniciativa, Data de Constitución
- Sector/sistema Produtivo
- Tecnoloxía Aplicada
- Casa de aceptación da Cesión de Datos
- Cidade, País (de residencia actual dos promotores do proxecto)
- Como te decataches desta Convocatoria
- URL dun vídeo de 3 minutos no que o promotor/equipo explique o que estades a facer e por que/para que.

MEMORIA:

## 1. TÍTULO/NOME DO PROXECTO [máx. 40 caracteres]

Nome comercial ou marca coa que se quere dar a coñecer o proxecto.

## 2. RESUME EXECUTIVO [máx. 140 caracteres]

Breve descrición dos aspectos máis relevantes do proxecto: en que consiste?, a quen se dirixe?, en que se diferencia?,... *[existe a posibilidade de achegar un link a un vídeo explicativo do proxecto cun máximo dun (1) minuto de duración]*

## 3. DESCRICIÓN [máx. 900 caracteres por apartado]:

## 3.1 OPORTUNIDADE DE NEGOCIO [máx. 900 caracteres]

Definición clara da oportunidade de negocio que detectastes en forma de problema non resolto ou necesidade non satisfeita para o voso potencial cliente.

## 3.2 ALTERNATIVAS ACTUAIS [máx. 900 caracteres]

Que alternativas actuais ofrece o mercado para solucionar os devanditos problemas ou para cubrir as devanditas necesidades?

## 3.3 SOLUCIÓN PROPOSTA [máx. 900 caracteres]

Definición clara de cal é a vosa solución ao devandito problema ou necesidade *[existe a posibilidade de achegar un arquivo en formato pdf que inclúa planos, maquetas, debuxos, fotos, imaxes,..., nos que o texto se limite a unha breve descrición do contido do devandito arquivo]*

**3.4 DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO. [máx. 900 caracteres]**

Dependes de terceiros para o desenvolvemento do proxecto? Algún socio industrial, tecnolóxico ou subcontratación. Especificar quen ou quenes.

**3.5 MERCADO OBXECTIVO [máx. 900 caracteres]**

A que nicho de mercado dirixídesvos e cal é o perfil do voso cliente potencial?, quen é o voso “*early adopter*”?, cal é o tamaño do devandito mercado e cal é a súa previsión de crecemento futuro? *[existe a posibilidade de achegar un arquivo en formato pdf que incorpore un gráfico de tendencia ou evolución prevista do devandito mercado]*

**3.6 PROPOSTA DE VALOR [máx. 900 caracteres]**

Que proposta de valor incorpora a vosa solución para cada tipoloxía de nicho de mercado ou cliente potencial?

Que ten de nova e por que sería difícil de copiar?

**3.7 COMPETENCIA [máx. 900 caracteres]**

Cal é o perfil dos vosos principais competidores?, cales son os proles e contras da vosa proposta en relación a cada un deles?, cales son as principais barreiras de entrada?

**3.8 MODELO DE NEGOCIO [máx. 900 caracteres]**

Cal é o modelo de negocio que se expón de forma inicial para monetizar o proxecto?

Explicar o modelo de xeración de ingresos.

**3.9 ESTADO DO PROXECTO [máx. 900 caracteres]**

Cal é o estado de desenvolvemento actual do proxecto?, validastes o problema?, validastes a solución?, validastes o perfil dos “*early adopters*” que comezarán a usar a vosa solución?, validastes de maneira inicial a estratexia de monetización?, estades capacitados para desenvolver un MVP durante o transcurso do Programa?

Principais Fitos alcanzados e próximos a levar a cabo.

**3.10 FINANCIAMENTO**

- Necesidades financeiras do proxecto para os próximos 12 meses

A información relativa ao equipo e os seus correspondentes perfís será requirida con anterioridade a publicación da lista de admitidos para a seguinte fase do Programa.

**2** *Early Adopter: Un “early adopter” é un cliente temperán dunha empresa, produto ou tecnoloxía*

**3** *Early Adopter: Un “early adopter” é un cliente temperán dunha empresa, produto ou tecnoloxía*

**B. Selección****▪ Obxectivos e procedemento de actuación**

O 15 de febreiro de 2019 ábrese o prazo de presentación das iniciativas emprendedoras e pecharase o 1 de abril de 2019 ás 12:00 horas. Os emprendedores presentarán a súa candidatura na forma especificada na sección “Presentación da Candidatura”.

As candidaturas serán avaliadas polo Comité Técnico do Programa, formado polos seus membros permanentes:

- O/a Director/a do departamento de Promoción Económica do CZFV, ou persoa en quen delegue as súas facultades.
- O/a Responsable da área de Emprendemento do CZFV, ou persoa en quen delegue as súas facultades.
- O/a Director/a Xeneral de VIGO ACTIVO, ou persoa en quen delegue as súas facultades.
- O/a Director/a da área de Servizos da GAIN, ou persoa en quen delegue as súas facultades.
- O/a Directora/a Xeneral de XESGALICIA, ou persoa en quen delegue as súas facultades.

Así mesmo, o Comité Técnico poderá incorporar membros especializados en cada unha das distintas fases do Programa co obxecto de ser asistidos nas súas decisións.

**▪ Proceso de selección**

O Comité Técnico realizará unha valoración dos proxectos presentados en base aos criterios definidos para o acceso á Fase 2 (ver sección “Criterios Específicos de Avaliación”) e establecerá un ranking dos devanditos proxectos coa finalidade de seleccionar ata un máximo de corenta (40) para cada unha das sedes.

**▪ Entrevista**

O Comité Técnico establece a posibilidade de realizar unha entrevista previa ata a un máximo de sesenta (60) candidaturas por sede, co obxecto de establecer un primeiro contacto co equipo promotor, de avaliar o cumprimento dos requisitos establecidos nestas Bases, de avaliar o grao de compromiso e dedicación, e de valorar a adecuación do mesmo ao Programa.

Ademais, durante a entrevista valorarase o grao de complementariedade e o carácter multidisciplinar do equipo, para posibilitar o desenvolvemento dun equipo perfectamente equilibrado, así como a

experiencia profesional e emprendedora previa, especialmente no ámbito sectorial de aplicación.

De forma previa á entrevista, requirirase aos diferentes proxectos información e documentación que deberán subir á Plataforma do Programa.

O procedemento de rexistro para a posterior subida da información e documentación esixida será o seguinte:

- En primeiro lugar, cada un dos promotores e membros do equipo que conformen o proxecto procederá a rexistrarse na web.
- A continuación, cada un dos promotores e membros do equipo deberá cubrir o seu perfil e ficha persoal coa información e documentación que se lle requira.
- En último lugar, o promotor principal ou representante, que coincidirá coa persoa que rexistrase o proxecto na web e que será o interlocutor válido ante o Comité Técnico do Programa, salvo notificación por escrito posterior dalgún cambio neste sentido, procederá a crear o equipo, isto é, a adherir ao resto de promotores e membros do equipo ao proxecto.

A información e documentación que deberá subir á plataforma cada un dos promotores e membros do equipo rexistrados será a seguinte:

- Foto [*Tamaño Carnet*]
- Curriculum vitae (en pdf)
- Nome e apelidos
- Data de nacemento
- Sexo
- DNI
- Teléfono
- Email
- Formación/estudos
- Situación laboral actual
- Experiencia empresarial previa
- Cargo/rol dentro do Proxecto: CEO, CTO, CMO, ...
- Link ao seu Perfil nas Redes Sociais: LinkedIn
- % Accionariado (no caso de estar constituída a empresa)
- Dedicación ao proxecto [a tempo parcial, a tempo completo, colaborador ocasional]
- Aceptación da Cesión de Datos



- Aceptación da Cesión de Imaxes
- Aceptación dos Compromisos aos que se adhiren os emprendedores

- **Criterios específicos de avaliación**

Os criterios que se aplicarán para a selección dos proxectos que accederán á Fase 2 “Startup Day” baséanse nos catro (4) criterios fundamentais recollidas nas apartado “Fases do Programa”:

1. **Grao de Innovación**
2. **Grao de Invertibilidade**
3. **Grao de Acelerabilidade**
4. **Grao de Relevancia**

Ademais, tras a entrevista previa aos proxectos pre-seleccionados valoraráselles e terásese especialmente en conta un quinto aspecto adicional:

5. **Grao de Solidez e Acelerabilidade do Equipo**, considerando por unha banda as habilidades e as competencias de cada un dos membros de forma individual, e por outro, o carácter multidisciplinar e o grao de complementariedade do mesmo, de maneira que este sexa capaz de deseñar, acelerar, executar e xestionar o seu proxecto. Ademais, neste apartado tamén se valorará o grao de compromiso e dedicación dos promotores do proxecto, así como a capacidade de acelerabilidade do mesmo. Analizarase e valorarase así mesmo, a constitución dun equipo equilibrado e que cubra as necesidades do proxecto para o desenvolvemento actual e para abordar os novos retos.

- **Comunicación final**

A lista dos proxectos finalmente aceptados, ata un máximo de corenta (40) para cada unha das sedes, será publicada, por orde alfabética, na Web do Programa.

## 2. STARTUP DAY

### ▪ Obxectivos e procedemento de actuación

Tal e como se recolle na Introducción, nesta 6ª Edición habilitaranse sedes en Vigo e en Lugo ata a fase de aceleración, polo que, celebrarase un Startup Day en cada unha delas. En calquera caso, o Comité Técnico do Programa reservase a posibilidade de reorganizar esta fase nunha única sede en función do número de candidaturas presentadas e en función da programación definitiva de actividades.

Os equipos seleccionados deberán designar ás dúas (2) persoas que lles representarán no Startup Day.

### ▪ Criterios específicos de avaliación

Nesta fase, perseguirase o obxectivo de avaliar as **Habilidades Persoais e Competencias** dos promotores., e centraranse en identificar e valorar os seguintes aspectos (habilidades e competencias):

- Liderado
- Comunicación
- Traballo en equipo
- Capacidade de negociación
- Creatividade
- O Grao de Complementariedade e o Carácter Multidisciplinar do equipo, para posibilitar o desenvolvemento dun equipo perfectamente balanceado, así como a experiencia profesional e emprendedora previa, especialmente no ámbito sectorial de aplicación.

O Comité Técnico do Programa elaborará un novo ranking das iniciativas como unha combinación dos criterios anteriormente definidos e dos criterios definidos para o acceso á Fase 2 actual.

Os participantes de, como máximo, os vinte (20) primeiros proxectos de cada unha das dúas sedes, serán convidados formalmente a incorporarse á Academia, onde participarán nun programa de capacitación cuxo fin é a validación das hipóteses de partida do proxecto.

As aceptacións deberán ser recibidas antes da data publicada na Web e notificadas a través dos medios indicados para iso. No caso de que haxa algunha renuncia, o Comité Técnico poderá seleccionar o seguinte proxecto da lista a condición de que cumpra os requisitos esixidos de aceptación.

### 3. ACADEMIA / PRE-ACELERACIÓN

#### ▪ Obxectivos e procedemento de actuación

Os equipos seleccionados deberán incorporarse ao “Programa de Capacitación ou Pre-aceleración” da Academia. Nesta 6ª Edición habilitaranse sedes en Vigo e en Lugo ata a fase de aceleración, polo que, a Academia desenvolverase en ambas as sedes. En calquera caso, o Comité Técnico do Programa reservase a posibilidade de reorganizar esta fase en función do número de candidaturas presentadas en cada sede.

Devandito “Programa de Capacitación ou Pre-aceleración” terá lugar en xornada de venres pola tarde e sábados pola mañá, durante un máximo de sete (7) fins de semana e combinará:

- Sesións de formación, teórica e práctica, presenciais.
- Sesións de networking e mesas redondas con emprendedores e outros actores relevantes do ecosistema de emprendemento.
- Sesións de traballo con titores, así como con representantes das entidades promotoras do Programa.
- Sesións de presentación (“pitch”) do proxecto.

A temática destas xornadas abarcará diferentes aspectos, que en liñas xerais, incorporará:

- A comunicación, negociación e defensa do modelo de negocio (“pitch”)
- O equipo dunha startup e os seus roles
- A proposta de valor e o modelo de negocio
- A definición dun produto mínimo viable (MVP) e o desenvolvemento de clientes
- A orientación ao mercado, online e offline
- As proxeccións económico-financeiras
- Os aspectos legais relacionados coa constitución e inicio da actividade, así como coa elaboración dos Pactos de Socios
- Casos de éxito/fracaso

Os equipos teñen como obxectivos nesta fase:

- Analizar a proposta de valor.
- Validar as hipótese de partida do seu modelo.

- Mellorar e deseñar o modelo de negocio.
- Elaborar todos aqueles documentos i entregables que lles sexan requiridos polos titores do programa.
- Elaborar o “Executive Summary” e o “Pitch” para a presentación do seu proxecto ante o Comité Técnico do Programa.

Estes entregables, que os promotores están obrigados a subir á Plataforma do Programa, serán avaliados polo Comité Técnico ao que se incorporarán:

- Os titores dos proxectos.
- O Coordinador, ou a persoa que este designe, da entidade adxudicataria do procedemento de licitación desta fase.

Ao finalizar esta fase, o Comité Técnico e a Dirección da Academia, en colaboración cos titores e mentores de cada un dos proxectos, valorarán o cumprimento dos seguintes criterios:

- **Criterios de elixibilidade (excluínte)**
  - A asistencia de polo menos dous (2) membros do equipo de cada proxecto a, polo menos o 80% das sesións da Academia.
  - A participación activa dos membros do equipo ás titorías e todas as accións programadas durante esta fase.
- **Criterios de selección**
  1. A solidez e o grao de implicación do equipo
  2. A **maduración significativa do proxecto** e a **elaboración dos entregables** solicitados pola Dirección da Academia, e avaliados en base aos seguintes criterios formais:
    - O grao de desenvolvemento formal da proposta de valor e do modelo de negocio
    - O grao de definición dun produto mínimo viable
    - O grao de validación das hipóteses de partida, así como a capacidade para pivotar do proxecto
  3. O **atractivo do pitch**, entendido como a capacidade de comunicar a oportunidade, a proposta de valor e o modelo de negocio de forma convincente.

Tal e como se recolle na apartado “Información Xeral”, se algún membro de calquera dos equipos

participantes non cumprise os compromisos asinados na Declaración Xurada, o Comité Técnico resérvase o dereito para esixir o cumprimento dos mesmos, e de non ser así, procederase á exclusión da súa candidatura.

Neste sentido, os proxectos estarán sometidos a unha avaliación continua ao longo de toda a fase de Academia ou Pre-aceleración, polo que aqueles que non cumpran cos requisitos, obrigacións e fitos establecidos poderán ser excluídos do mesmo e, en consecuencia, perder os beneficios que deste se deriven previo informe motivado do Comité Técnico do Programa.

## 4. DEMO DAY

### ▪ Obxectivos e procedemento de actuación

Os proxectos que superasen satisfactoriamente o Programa de Capacitación ou Pre-aceleración da Academia, poderán presentar o seu proxecto no Demo Day ante o Comité Técnico e as Entidades Colaboradoras do Programa.

O Comité Técnico poderá incorporar a observadores pertencentes ao ecosistema de emprendemento para que poidan facer un seguimento dos proxectos.

O Comité Técnico procederá á valoración de cada proxecto presentado, e establecerase un ranking dos proxectos en función das devanditas valoracións.

Á luz destas valoracións, realizarase aos proxectos seleccionados, **ata un máximo de quince (15)** o seguinte:

- Unha Proposta de Financiamento mediante unha combinación das seguintes modalidades:
  - Concesión dunha subvención a fondo perdido de ata un máximo de vinte e cinco mil euros (25.000,00 €) para o financiamento dunha serie de gastos considerados como elixibles a través da GAIN. Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do proxecto de acordo coas actividades previstas na fase de aceleración. Os termos e condicións do devandita financiamento formalizaranse, previa constitución en empresa, entre GAIN e os promotores de cada unha das 15 empresas.

A modo indicativo considéranse como elixibles os seguintes conceptos:

- a) Custos de persoal suxeito a relación de carácter laboral e excluídos os promotores do proxecto),
- b) Custos de participación feiras, congresos e outras actividades de promoción/difusión específicas,
- c) Adquisición de equipamento e material instrumental; na medida en que se utilicen para as actividades de aceleración,
- d) Custos de obtención, validación e defensa de patentes e outros activos inmateriais; incluíranse os

- custos derivados da obtención de certificacións oficiais necesarias para a viabilidade do proxecto,
- e) Servizos tecnolóxicos externos,
  - f) Subcontratacións,
  - g) Servizos de apoio para a elaboración do plan de negocio, para a saída ao mercado ou para a procura de investidores; e
  - h) Calquera outro que se considere relevante para a viabilidade do proxecto empresarial.
    - Concesión dun financiamento de ata un máximo de cincuenta mil euros (50.000,00 €) a través de Vigo Activo. Os termos e condicións do devandita financiamento formalizaranse, previa constitución en empresa, entre esta entidade e os promotores de cada unha das 15 empresas.
    - Concesión dun financiamento de ata un máximo de cincuenta mil euros (50.000,00 €) a través de Xesgalicia. Os termos e condicións do devandita financiamento formalizaranse, previa constitución en empresa, entre esta entidade e cada un dos 15 promotores.
  - Unha Invitación Formal a incorporarse á Aceleradora no Centro de Negocios de Porto do Molle (Nigrán).

Ambas propostas están ligadas e o equipo emprendedor terá un prazo de trinta (30) días para aceptar formalmente a invitación, entregar a documentación que se lle solicita e aceptar na súa integridade os modelos de contratos de subvención e préstamos. En caso contrario, o Comité Técnico poderá estender a proposta de investimento ao seguinte proxecto no ranking de proxectos invertibles.

O financiamento achegado pola Aceleradora é compatible con outras fontes de financiamento, pública e privada, sempre que se respecten os límites máximos establecidos para cada convocatoria, así como os límites establecidos polo “réxime de minimis”. Ademais, quedarán excluídos do financiamento achegado por GAIN e Xesgalicia aqueles proxectos que xa fosen subvencionados ou financiados por estes organismos para a mesma finalidade ou que non presenten a documentación necesaria para a súa formalización segundo o procedemento establecido.

- **Criterios de elixibilidade (excluínte)**

Todos os proxectos aprobados que aceptasen a proposta do Comité Técnico do Programa deberán acreditar, de forma previa á súa incorporación á Aceleradora, os seguintes compromisos:

- Constituír a sociedade, baixo a forma xurídica de Sociedade de Responsabilidade Limitada ou Sociedade Anónima, **nos prazos esixidos**.

- Establecer, ou trasladar o domicilio social, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Facer unha achega de capital conxunta para a constitución da sociedade, no momento en que esta se constituía formalmente, por un importe mínimo de tres mil euros (3.000,00 €).
- Ter unha dedicación a tempo completo de, como mínimo, dúas (2) dos membros do equipo promotor.
- Ter unha presenza continuada de, como mínimo, dúas (2) dos membros do equipo promotor, no Coworking do Centro de Negocios de Porto do Molle en Nigrán, constituíndose este como o centro da súa actividade empresarial durante este período.
- Garantir o dereito de explotación da tecnoloxía na cal se apoia o proxecto. Se a propiedade intelectual pertenza a un terceiro, o equipo promotor deberá presentar documentación do titular na que se acredite a cesión do dereito de explotación da devandita tecnoloxía e as condicións de uso.
- Garantir que se fan responsables por calquera reclamación sobre propiedade intelectual ou utilización de información de dominio privado, mantendo indemne ás Entidades Promotoras ante calquera posible reclamación.
- Garantir a existencia duns Pactos Parasociais nos que se estableza como contido mínimo: datos de identificación dos socios, porcentaxe de participación dos socios, compromiso de permanencia dos socios durante a aceleración.
- Asistir ás sesións de titoría planificadas no Centro de Negocios de Porto do Molle, sendo imprescindible que ás mesmas acuda, como mínimo, un dos promotores principais de cada un dos proxectos.<sup>4</sup>
- Asistir ás actividades que se planifiquen no Centro de Negocios de Porto do Molle, sendo imprescindible que ás mesmas acuda, como mínimo, dúas (2) dos membros rexistrados do equipo.
- Asistir ás actividades que se planifiquen no Centro de Negocios de Porto do Molle, sendo imprescindible que ás mesmas acuda, como mínimo, dúas (2) dos membros rexistrados do equipo. .
- Facer publicidade do financiamento e apoio obtido pola Aceleradora ViaGalicia en actividades de difusión relacionadas co proxecto así como na súa páxina web.

*4 A criterio do Comité Técnico, incorpórase a posibilidade de realizar parte da titorización dos proxectos nas propias instalacións da empresa, no caso de proxectos cuxas instalacións e infraestruturas sexan necesarias para o desenvolvemento da súa actividade. Esta novidade incorpórase como incentivo para facilitar a incorporación de proxectos de emprendemento cun marcado carácter industrial e produtivo.*



O incumprimento dalgún destes criterios poderá ser motivo de exclusión. Así mesmo, a criterio do Comité Técnico do Programa, este poderá mediante acordo motivado, permitir ou eximir ao proxecto ou proxectos que así o solicitasen expresamente, dalgunha destas obrigacións (a condición de que o atope xustifico suficiente e razoadamente).

■ **Criterios de selección**

Os proxectos presentados serán avaliados segundo os criterios fundamentais do Programa:

1. **Grao de Innovación**
2. **Grao de Invertibilidade**
3. **Grao de Acelerabilidade**
4. **Grao de Relevancia**
5. **Grao de Solidez do Equipo**
6. A **Posta en Escena** e a **Capacidade de Comunicación** durante o pitch (así como a claridade e coherencia da presentación realizada ante o Comité Técnico, e a contestación ás cuestións expostas por este).

## 5. ACELERADORA

### ▪ Obxectivos e procedemento de actuación

Os proxectos aprobados que aceptasen a invitación e acreditasen os compromisos mencionados, poderán incorporarse á Aceleradora que se situará no Coworking do Centro de Negocios de Porto do Molle, en Nigrán, e terán a cualificación do CZFV de “Proxectos Innovadores e Invertibles” a proposta do Comité Técnico do Programa.

### ▪ Beneficios e obrigas

Como complemento ao financiamento achegado, a incorporación á Aceleradora supón á súa vez o acceso ao Espazo de Coworking que o CZFV pon a disposición dos emprendedores no Centro de Negocios de Porto do Molle, no que, como se recolle na Declaración Xurada, comprométese a ter unha presenza continuada durante esta fase.

Paralelamente, os emprendedores participarán nun **Programa de Alto Rendemento** que combinará:

- Sesións de networking e mesas redondas con emprendedores e outros actores relevantes do ecosistema de emprendemento.
- Sesións de traballo con titores e mentores, así como con representantes das entidades promotoras do Programa.

Nesta fase, o Comité Técnico definirá conxuntamente con cada un dos equipos un Plan de Acción a desenvolver obrigatoriamente durante a súa estancia no que se definirán:

- Obxectivos de negocio.
- Tarefas e fitos.
- Entregables.

Ademais, os proxectos terán a obrigaón de presentar as súas contas cunha periodicidade trimestral no prazo máximo de trinta (30) días a contar desde o vencimento do último trimestre natural.

En caso de non cumprir o Plan de Acción previsto, o Comité Técnico resérvase o dereito para proceder á exclusión do equipo do Programa.

### ▪ Criterios específicos de avaliación

O Comité Técnico decidirá que proxectos participarán no Investors Day en función do **grao de aproveitamento** e dos **obxectivos alcanzados** durante o período de aceleración.

Tal e como se recolle na apartado “Información Xeral”, se algún membro de calquera dos equipos participantes non cumprise os compromisos asinados na Declaración Xurada, o Comité Técnico resérvase o dereito para esixir o cumprimento dos mesmos, e de non ser así, procederase á exclusión da súa candidatura.

Neste sentido, os proxectos estarán sometidos a unha avaliación continua ao longo de toda a fase de Aceleración, polo que aqueles que non cumpran cos requisitos, obrigacións e fitos establecidos poderán ser excluídos do mesmo e, en consecuencia, perder os beneficios que deste derívense previo informe motivado do Comité Técnico do Programa.

## 6. INVESTORS DAY

- **Obxectivos e procedemento de actuación**

Os proxectos que superasen satisfactoriamente a fase anterior poderán presentar o seu proxecto a un panel de investidores nacionais e internacionais no Investors Day organizado polo CZFV.

Os proxectos participantes deberán presentar un dossier de investimento que será facilitado aos investidores de forma previa ao Foro (ver detalle na sección “Revelación de Información”).

Os proxectos presentados ao panel de investidores serán avaliados segundo o seu mellor criterio profesional. Os investidores resérvanse o dereito de continuar as conversacións cos distintos proxectos e realizar unha oferta aos emprendedores.